

e) Hora: 12.00 horas.

10. Gastos dos anuncios: serán por conta do adxudicatarios.

11. Outras informacóns: as especificadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

12. Financiamento: atópase financiada esta actuación no marco do proxecto Cofroem, dentro da iniciativa comunitaria Interreg III A.

Ourense, 11 de outubro de 2006.

Presidente do Departamento de Ourense



c) OUTROS ANUNCIOS

FUNDACIÓN PÚBLICA HOSPITAL DA BARBANZA

Anuncio.

A *Fundación Pública Hospital da Barbanza* anuncia a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, con carácter indefinido, de 3 prazas de facultativo especialista en Obstetricia e Xinecoloxía, 1 en Pediatría, 1 en Traumatoloxía, 1 en Uroloxía, 1 en Medicina Interna, 3 prazas de Facultativo de Urgencias e 1 praza de Farmacéutico especialista en farmacia hospitalaria. Por non se acadaren as porcentaxes mínimas exixidas, non se reserva ningunha praza para ser cuberta por persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%.

Para poder presentarse ao proceso selectivo será obrigatorio o cumprimento, no último día do prazo de presentación de solicitudes, dos requisitos de idade, nacionalidade, titulación, habilitación e capacidade funcional que se recollen nas bases completas da convocatoria, que se poderán consultar na páxina web do Sergas (www.sergas.es). Así mesmo, como requisito para participar no proceso selectivo deberán aboarse previamente 38,20 euros en concepto de dereitos de exame.

O procedemento de selección será o concurso-oposición. A fase de oposición constará dunha proba de coñecementos comprendidos nos currículos formativos da especialidade correspondente e un exame de lingua galega que será obrigatorio e non eliminatório.

O primeiro exercicio realizarase transcorrido, como mínimo, un mes desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia* deste anuncio.

Quen desexe tomar parte no proceso selectivo deberá presentar a solicitude de acordo co modelo que poderá obter na Oficina de Información da Fundación ou na páxina web do Sergas, xuntando fotocopia do DNI e xustificante de ter aboado os dereitos de exame.

As solicitudes poderán presentarse no prazo de 15 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia* por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os interesados poderán obter información completa da convocatoria na páxina web do Sergas, no teléfono 981 83 59 23 das 9.00 ás 14.00 horas de luns a venres e no seguinte enderezo: *Fundación Pública Hospital da Barbanza*, Oleiros s/n, 15993 Ribeira (A Coruña).

Ribeira, 23 de outubro de 2006.

Rosario Vázquez López
Directora da *Fundación Pública Hospital da Barbanza*

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL, S.A.

Anuncio de convocatoria de concurso-oposición.

En cumprimento da Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas en que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, e de conformidade co Acordo do Consello de Administración de *Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.*, do 22 de marzo de 2006, e logo do informe favorable emitido conxuntamente polas consellerías de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e de Economía e Facenda.

Anuncio.

A convocatoria de concurso-oposición, por acceso libre, de provisión de vacantes, recollida na Resolución 11/2006, do 16 de outubro, que desenvolve integramente as bases do proceso selectivo para cubrir a praza dun (1) enxeñeiro superior de telecomunicacións, especialidade en comunicacións, con tres anos de experiencia en xestión e mantemento de redes dixitais de TDT e DAB (nivel 1).

O prazo de admisión de solicitudes é de quince (15) días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio. A solicitude, xunto coa documentación correspondente, enviarase ao seguinte enderezo:

Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., edificio multiusos, baixo, San Marcos, 15820 Santiago de Compostela (A Coruña).

As bases da convocatoria e os temarios poderán consultarse nas dependencias da empresa sitas en San Marcos ou na páxina web: www.retegal.es.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2006.

O director xerente
Rubricado